

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020325	IES Illa de San Simón	Redondela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Cultura clásica	3º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

## 1. Introducción

A materia de Cultura Clásica comprende unha bagaxe de coñecementos cuxo eixe central veñen constituído polo modo de entender o mundo e o ser humano que tiñan as civilizacións grega e romana. É sabido que as manifestacións desa cultura converxen en varios campos da acción e do pensamento humano, nunha secuencia temporal que chega ata hoxe mesmo e que se estende desde a filosofía e o dereito ata as linguas de moitos países e as súas literaturas, e desde as cidades e a súa organización, o deporte, a educación, ata o mundo da arte, o urbanismo e a vida cotiá. Os froitos da cultura clásica son, polo tanto, unha serie de valores cívicos, sociais e estéticos que determinan en gran medida o modo do ser do ser humano actual, de tal maneira que ese substrato cultural constituíe un elemento vivo na civilización occidental que permite tanto a continuidade na práctica deses valores como o entendemento por parte da cidadanía da súa pertenza a unha tradición de pensamento que está por encima das propias fronteiras dos Estados.

A través de Cultura Clásica preténdese iniciar o alumnado nun exercicio de reflexión e análise sobre as bases en que descansan realidades moi importantes da nosa cultura, confrontándoo co que coñecemos como legado clásico: un patrimonio común que debe ser considerado irrenunciable para a cidadanía europea.

O currículo da materia Cultura Clásica contribúe de modo directo á adquisición de competencias fundamentais, como é o caso da competencia en comunicación lingüística; a aproximación ao grego e ao latín, como linguas que seguen presentes nas linguas románicas e en moitas das linguas faladas en Europa, algunhas delas dentro da contorna cultural do alumnado, permite aumentar os coñecementos e as destrezas lingüísticas e contribúe á lectura comprensiva de textos diversos e á expresión oral e escrita. Así mesmo, a contribución de Cultura Clásica para desenvolver outras competencias como a cidadanía ou a competencia en conciencia e expresións culturais loígrase mediante o coñecemento do amplo e rico patrimonio cultural, artístico e arqueolóxico grecolatino en Europa, que potencia o gozo estético da arte e fomenta o interese pola súa conservación e a obriga moral da súa transmisión ás xeracións vindeiras. Igualmente, mediante o coñecemento dos grandes clásicos da literatura grega e latina permítese unha mellor interpretación da literatura posterior, na cal perduran temas, arquetipos, mitos e tópicos, á vez que se desenvolve o interese pola lectura e se consolida o hábito lector.

Por outra banda, unha visión global da xeografía e da historia de Grecia e Roma impulsará o alumnado a comprender os procesos de cambio desde o mundo antigo ata a actualidade, traballando, tamén, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, que capacitan para a análise de fenómenos complexos, o razoamento lóxico e o rigor científico.

Por último, a presenza das novas tecnoloxías da información e da comunicación no mundo actual debe aproveitarse como unha vantaxe para o labor cotián na aula, traballando, deste xeito, a competencia dixital. A procura de información guiada polo profesorado facilita o desenvolvemento do espírito crítico e o achegamento persoal ao coñecemento. Nesta liña, tamén hai que salientar a importancia do traballo da competencia en aprender a

aprender, xa que o alumnado está iniciándose na selección, na avaliación, na comprensión e na produción de información cada vez máis complexa. A perseveranza, os hábitos de estudo, a autonomía e o traballo en equipo son capacidades que se poden afianzar neste capítulo.

De acordo con esta formulación, os criterios de avaliación e contidos da materia artícu- lanse en bloques pertencentes aos seguintes ámbitos temáticos. Pártese da necesidade

de coñecer o marco xeográfico e histórico en que se desenvolveron as civilizacións grega e romana ao longo do tempo, orixe da civilización occidental para sentar as bases desta materia. O estudo das relixións grega e romana presta atención ás manifestacións máis significativas da relixiosidade oficial, os cultos públicos e privados, as manifestacións deportivas relacionadas, as festividades relixiosas e os valores culturais asociados a ela. Dentro deste punto sitúase o capítulo da mitoloxía, no que se aborda a construción do imaxinario colectivo europeo, grazas ás narracións míticas e lendarias, o mundo das divindades e dos heroes e das heroínas, e o seu mantemento na cultura contemporánea.

No bloque relativo á arte merecen especial atención as manifestacións artísticas que nos legaron as civilizacións grega e romana, que serviron e serven de modelo a moitas das producións actuais. Entre elas cómpre salientar, por unha banda, as relativas ás artes plásticas, concretamente á arquitectura, á escultura e ás artes decorativas, e, pola outra, á literatura, cuxa configuración en xéneros determina toda a nosa tradición literaria, grazas ao acervo de temas, tópicos e recursos estilísticos empregados polos seus autores e polas súas autoras.

Outro dos bloques dedícase á sociedade e á vida cotiá, dentro do cal se tratan aspectos como a organización política e social do mundo grecorromano, as clases sociais, a existencia da escravitude, o papel das mulleres na Antigüidade clásica, a vida pública e privada, e os valores cívicos, coas súas luces e sombras, que se transmitiron á cultura occidental.

O ámbito lingüístico orieñtase fundamentalmente a analizar a relación de parentesco entre as linguas clásicas

e un bo número das que se falan na actualidade. Para iso, páztese do concepto de familia linguíxica, centrando a atención na familia das linguas indoeuropeas, á que pertencen o grego e o latín e da cal deriva unha boa parte das linguas modernas. O estudo da orixe e da evolución da familia linguíxica indoeuropea acompáñase coa descrición do marco histórico e xeográfico onde ten lugar a devandita evolución. En relación con este aspecto, inclúese un percorrido a través da orixe e da evolución da escritura e a súa diversidade de sistemas e alfabetos. Prestase especial atención ao importantísimo papel que o latín e o grego desempeñaron na configuración das linguas modernas,

en especial na composición culta e na formación do léxico. O obxectivo último da materia de Cultura Clásica neste ámbito será permitirlle ao alumnado afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta como elemento esencial para a comunicación e a adquisición de coñecementos. Resulta coherente co espírito de incorporación de métodos activos nas materias de Latín en educación secundaria obrigatoria e de Latín e Grego no bacharelato introducir unha fraseoloxía básica latina e grega, para que o alumnado poida aprender e, sobre todo, usar oralmente fórmulas de saúdo e presentación, e utilizar pequenas frases para preguntar ou comentar aspectos básicos da actividade diaria na aula. O obxectivo desta incorporación pretende despertar a curiosidade do alumnado polas linguas clásicas e achegalo dun modo que o sorprenda e rompa cos estereotipos consolidados.

O bloque restante irá enfocado a iniciar o alumnado no coñecemento dos aspectos máis característicos e intrínsecos da cultura grecorromana, de xeito que a través do seu estudo sexa quen de analizar e comprender os trazos comúns e os diversos, valorar a herdanza clásica e respectar o patrimonio cultural de carácter material e inmaterial da humanidade.

En todos os bloques fica implícito o estudo inescusable do mantemento do legado clásico na actualidade, co que se pretende analizar todos os elementos desta herdanza clásica que continúan a ser referentes na nosa cultura en múltiples esferas do coñecemento e da vida cotiá.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.	2		4			1		
OBX2 - Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.				2	3-4-5			1-2
OBX3 - Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.								1-2
OBX4 - Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea.	2					1-2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.	4	2-3						
OBX6 - Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.	1-3	3		1-3	3-4-5		3	

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Marco xeográfico e histórico das civilizacións grega e romana.	Marco xeográfico das civilizacións grega e romana: lugares destacados e relación coa xeografía actual. Marco histórico das civilizacións grega e romana: etapas e feitos importantes.	10	10	X		
2	Relixións grega e romana.	Relixións grega e romana: mitos e cultos.	10	10	X		
3	Arte clásica.	Fundamentos da arte grega e romana.	14	15	X		
4	Arquitectura e enxeñería clásica.	Arquitectura e enxeñería clásica: Edificacións relevantes e obra pública. a herdanza clásica.	14	15		X	
5	A política en Grecia e Roma.	A política en Grecia e Roma: formas de goberno e institucións.	10	10		X	
6	Sociedade e familia en Grecia e Roma.	Sociedade e familia en Grecia e Roma: clases sociais, familia, vida cotiá e espectáculos.	12	15		X	
7	Escrituras grega e romana.	Escrituras grega e romana: orixe e presenza actual nas nosas linguas.	10	10			X
8	Presenza grecolatina na actualidade.	Presenza grecolatina na actualidade: artes, mitos, organización social e política actual.	10	10			X
9	A presenza grecolatina en España e Galicia.	A presenza grecolatina en España e Galicia: influencias que perduran no noso territorio.	10	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Marco xeográfico e histórico das civilizacións grega e romana.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	Sitúa xeográficamente de xeito correcto os territorios de Grecia e Roma.	TI	100
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	Localiza cidades e lugares xeográficos relevantes das civilizacións Grega e Roamana.		
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	Describir os aspectos básicos do marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.		
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	Sitúa nun eixe cronolóxico os principais períodos da historia de Grecia e Roma.		
CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	Identifica varias das características que indican a romanización do noso territorio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.</li> <li>- Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.</li> <li>- Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Relixións grega e romana.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Identifica os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	TI	100
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Recoñece os mitos e os heroes grecolatinos máis populares.		
CA2.3 - Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	Identifica algunhas das características da relixiosidade e da relixión grega semellantes ás actuais.		
CA2.4 - Describir os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	Describe os fundamentos da relixiosidade romana.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano.</li> <li>- Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade.</li> <li>- Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos.</li> <li>- Relixión romana: culto público e privado.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Arte clásica.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Distingue as características fundamentais da arte clásica.	TI	100
CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	Recoñece manifestacións escultóricas da arte grega e romana.		
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Sabe localizar os principais monumentos clásicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fundamentos e etapas da arte clásica.</li> <li>- Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas.</li> <li>- Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Arquitectura e enxeñería clásica.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	Identifica características salientables da arquitectura grecorromana.	TI	100
CA3.4 - Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.	Diferencia creacións urbanísticas romanas.		
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Localiza os principais monumentos clásicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.</li> <li>- Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas.</li> <li>- Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	A política en Grecia e Roma.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	Identifica as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico.	TI	100
CA4.2 - Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	Distingue as características principais das clases sociais en Grecia e Roma.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións.</li> <li>- Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
6	Sociedade e familia en Grecia e Roma.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	Describe a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	TI	100
CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	Coñece os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.		
CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	Identifica as principais formas de lecer da Antigüidade.		
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	Relaciona e establecer semellanzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller.</li> <li>- Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.</li> <li>- Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Escrituras grega e romana.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	Distingue diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto.	TI	100
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	Recoñece a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.		
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	Distingue e identificar latinismos, cultismos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	Utiliza con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina.		
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	Identifica as principais características dos xéneros literarios grecolatinos.		
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	Usa fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes.</li> <li>- Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.</li> <li>- As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas.</li> <li>- As linguas romances.</li> <li>- Composición e derivación culta de orixe grega e latina.</li> <li>- Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.</li> <li>- Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán.</li> <li>- Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica.</li> <li>- Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas.</li> <li>- Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.</li> <li>- Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Presenza grecolatina na actualidade.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Recoñece os indicadores máis destacados da presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	TI	100
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Recoñece a presenza, dos mitos e lendas grecolatinos máis coñecidos, nas manifestacións artísticas actuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual.</li> <li>- Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	A presenza grecolatina en España e Galicia.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Identifica os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma.	TI	100
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Investiga sobre a perduración da civilización clásica na contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.</li> <li>- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

É necesaria unha metodoloxía que trate de reforzar os contidos teóricos a partir de tarefas prácticas, adquiríndose os obxectivos a través das actividades da aula.

Os bloques de contidos están organizados de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores. O alumnado verase obrigado, nalgunha ocasión, a utilizar o aprendido máis aquilo que debe aprender coa práctica, situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda do profesorado.

Na materia de Cultura Clásica podemos utilizar distintas metodoloxías. Velaquí algunhas suxestións:

- 1) Exposición, por parte do docente, da nova tarefa a realizar.
- 2) Avaliación inicial, se se considera necesario, co fin de coñecer as ideas previas que ten o alumnado sobre os contidos da unidade.

3) É moi exemplarizante e de gran axuda, amosar os traballos realizados por alumnado doutros cursos, para que vexan as múltiples posibilidades que ten unha proposta.

4) Exposición dos contidos que o alumnado debe entender para a realización dos exercicios onde intervira unha metodoloxía investigadora e creadora, o traballo en grupo e, por suposto, o traballo guiado polo profesorado.

5) Elaboración dos exercicios durante as horas lectivas.

6) Reflexión persoal e conxunta sobre as resultas plásticas e sobre os coñecementos adquiridos.

7) Nos exercicios a realizar nas horas lectivas teranse en conta as seguintes pautas:

- A exposición da tarefa a realizar e aplicación dos contidos explicados.

- A correcta organización, limpeza e presentación no proceso e no resultado.

- O aproveitamento eficaz do tempo así como o interese e a curiosidade mostrado polo alumnado.

O resultado será valorado en función do progreso do alumnado, na consecución da adquisición das competencias clave, a través da avaliación dos criterios establecidos mediante unha rúbrica, onde figurará unha ponderación en cada apartado.

O alumnado poderá participar na selección das actividades a realizar, sempre que as súas propostas respondan aos obxectivos dos bloques de contidos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador da profesora con pizarra dixital e proxector.
Ordenadores Edixgal por parte do alumnado.
Mesas ordenadas por grupos para favorecer o traballo colaborativo.
Material diverso para a realización de traballos prácticos na aula: lápices de cores, tesoiras, pegamento...
Mesas no patio do centro para traballar ao aire libre cando a tarefa o requira e o tempo o permita.
Aula virtual do centro.
Material audiovisual diverso.
Libros de texto do fondo libros existentes na aula.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

### 1. PROPOÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar e a organización da aula, así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

### 2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidinte coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse soz naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicaci3n, autonomi3a, habilidades...
  - Caracteri3sticas do alumno/a: intereses, motivaci3n, estilo de aprendizaxe...
  - Entorno: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.
- O formato de recollida de informaci3n pode ir desde elaboraci3n de cuestionarios como tarefas na Aula Virtual do centro, cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc. Tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

A reuni3n de avaliaci3n inicial co equipo docente e o Departamento de Orientaci3n, asi3 como a informaci3n aportada polo titor do grupo, axudara3 a completar a informaci3n recollida e pon3zela en comu3n.

### 3. TOMA DE DECISIO3NS:

Unha vez analizada toda a informaci3n, tomaranse decisio3ns sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao curri3culo: desen3ar adaptaci3ns curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto a3 forma de traballar na aula: organizar grupos, compañeiros de pupitre e lugar na aula, distribuir o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribuci3n das unidades dida3cticas, cambios na temporalizaci3n, organizaci3n da avaliaci3n...

## 5.2. Criterios de cualificaci3n e recuperaci3n

### Pesos dos instrumentos de avaliaci3n por UD:

Unidade did3ctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>10</b>	<b>12</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>T3boa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificaci3n:

#### CUALIFICACI3N POR AVALIACI3N:

O grao de consecuci3n dos criterios de avaliaci3n das distintas unidades da materia establecerase do seguinte xeito:

a) Mediante entregas de traballos te3ricos e pr3cticos, dos que o alumnado con3ecera3 os indicadores de logro. A nota deste apartado sera3 a media aritm3tica de todos os traballos, valor3ndose cun 0 os non presentados. Peso porcentual na nota de cada avaliaci3n: 80%

b) E3 importante que se cumpran as instruci3ns dadas polo profesorado en canto a formato, te3cnicas, materiais, etc., e que os traballos sexan entregados nas datas indicadas e que se respecten as normas de comportamento no centro, xa que iso sera3 tido en conta na avaliaci3n. Peso porcentual na nota de cada avaliaci3n: 20%

E3 importante que se cumpran as instruci3ns dadas polo profesorado en canto a formato, te3cnicas, materiais, etc., e que os traballos sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso sera3 tido en conta na avaliaci3n. O traballo debe facerse na aula ai3nda que podan rematar certas actividades na casa.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliaci3n e se poden aplicar en forma de ru3bricas, listas de cotexo, escalas de valoraci3n, ou outros instrumentos. Un exemplo dalgu3ns que se poden empregar na meirande parte das unidades dida3cticas ser3a o seguinte:

- Aplica correctamente as te3cnicas empregadas en funci3n da mensaxe proposta, manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada.
- Aplica correctamente os elementos formais (composici3n, cor, textura, forma...).
- E3 quen de expresar con correcci3n os conceptos e utilizar a terminoloxi3a sobre os que se traballa e o proceso seguido na realizaci3n da pr3ctica.
- Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde.
- Adecu3ase a3s instruci3ns e condici3ns postas polo profesor e sigue un proceso de traballo correcto.
- Nos traballos realizados en grupo, leva a cabo as tarefas asignadas e a su3a participaci3n e3 respectuosa e colaborativa.

#### CUALIFICACI3N FINAL:

A nota final consistira3 nunha media ponderada, na que o peso da avaliaci3n final e3 o maior. Isto de3bese a que hai

contidos que se tratan soz nunha avaliación e outros que se tratan de contidos progresivos, que van acadándose en maior medida segundo avanza o curso.

Peso de cada avaliación na ponderación final:

- 1ª avaliación: 25%
- 2ª avaliación: 35%
- 3ª avaliación: 40%

**RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO:**

O ideal para que o alumnado poida ir superando as dificultades en canto son detectadas, é que reincida sobre os obxectivos non acadados, por medio da reelaboración de traballos. Así, para poder recuperar as notas das avaliacións non superadas, o alumnado poderá repetir os traballos con notas inferiores a 5 e os non entregados. Para o cálculo da media, a nota dos traballos repetidos substituirá a dos anteriores.

Ditas entregas faranse de xeito periódico, nas datas indicadas polo profesorado. De non cumprir as instrucións dadas, materase a nota anterior e, no caso de non ter entregado nada, esta nota será 0.

### **Criterios de recuperación:**

**RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO:**

O ideal para que o alumnado poida ir superando as dificultades en canto son detectadas, é que reincida sobre os obxectivos non acadados, por medio da reelaboración de traballos. Así, para poder recuperar as notas das avaliacións non superadas, o alumnado poderá repetir os traballos con notas inferiores a 5 e os non entregados. Para o cálculo da media, a nota dos traballos repetidos substituirá a dos anteriores.

Ditas entregas faranse de xeito periódico, nas datas indicadas polo profesorado. De non cumprir as instrucións dadas, materase a nota anterior e, no caso de non ter entregado nada, esta nota será 0.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

**POSIBILIDADE DE RECUPERACIÓN AO INICIO DO SEGUINTE CURSO:**

O alumnado que ao rematar 3º da ESO promocionase a 4º con Cultura Clásica suspensa, terá a posibilidade de recuperar dita materia ao inicio do curso seguinte. O departamento de Artes, que imparte esta materia como afín, entregará a dito alumnado un boletín de traballos para realizar durante o período vacacional. Dito boletín será solicitado no vindeiro curso, durante o mes de setembro, previa convocatoria de reunión. Se as tarefas están debidamente resoltas e entregadas segundo as instrucións recibidas, o alumnado afectado, recuperará a materia pendente.

**SEGUIMENTO PERIÓDICO:**

O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que o alumnado terá acceso, preferiblemente, a través da aula virtual do centro. Tendo en conta as necesidades do alumnado, os materiais dixitais poden ser complementados cun caderno de actividades en formato físico.

O profesorado poderá realizar un seguimento continuo do plan e do alumnado a través da aula virtual, ou mediante reunións presenciais convocando o alumnado a través da aula virtual e especialmente a través dos titores que poden servir de estímulo para non abandonar estas materias que non se cursan.

A avaliación levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, a través de entregas de traballos que serán recollidos de xeito físico ou a través da aula virtual. É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) técnicas, materiais, etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

A nota final consistirá na media das 3 entregas ou avaliacións, segundo un peso en evolución crecente, que permitirá ao alumnado unha progresividade na adquisición das competencias requiridas para superar a materia:

- 1ª entrega: 30%
- 2ª entrega: 30%
- 3ª entrega: 40%

**PROBA FINAL:**

De non superar a materia a través das entregas periódicas, o alumnado poderá presentarse a unha proba final, que consistirá nunha proba teórico-práctica.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñecemos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que

terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan participantes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que provenen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

**MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS:** supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acadar os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.

- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.

- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.

- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.

- En caso de alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións curriculares oportunas e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.

- O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.

- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.

- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

**MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:**

- Existen tarefas nas que será interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permíttelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.

- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

**MEDIDAS ORGANIZATIVAS:**

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos en pequenos grupos, será moi favorecedor para a atención á

diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos complicados.

- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelán e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso

inferior ao que lle corresponde por idade.

- Non podemos esquecer a importancia da acción tutorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación Visual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Evitar comportamentos estereotipados, sexistas ou discriminatorios.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Resolución pacífica dos conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Comunicación Visual.	X
ET.4 - Competencia Dixital.	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X



	UD 9
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X
ET.9 - Creatividade.	X
ET.10 - Evitar comportamentos estereotipados, sexistas ou discriminatorios.	X
ET.11 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X
ET.12 - Resolución pacífica dos conflitos.	X

### Observacións:

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que consideramos esenciais para a materia e a formación do noso alumnado.

Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no desenvolvemento das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc.

Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:

- Na educación para a igualdade de xénero, evítanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico, así como as entregas de tarefas en prazo e forma.
- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentáanse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a espazos expositivos, virtuais ou presenciais da contorna.	Os museos albergan, cada vez máis, coleccións e exposicións permanentes e temporais relacionadas con diferentes disciplinas artísticas que son interesantes para o noso alumnado.	X	X	X
Charlas informativas relacionadas con Charlas impartidas por todo tipo de profesionais que distintos intereses para o noso alumnado.	Charlas informativas relacionadas con Charlas impartidas por todo tipo de profesionais que distintos intereses para o noso alumnado.	X	X	X
Asistencia a obras de teatro clásico.	Asistencia a obras de teatro clásico.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Realización de proxectos do departamento e interdisciplinares.	Participar nas propostas dos equipos de Normalización, Biblioteca, Actividades Extraescolares ou outros. O noso alumnado pode participar en propostas creativas como a revista do instituto, murais, a árbore de Nadal, o acto de graduación de fin de curso, Entroido, iniciativas como a arquitectura pedagóxica, os proxectos competenciais ou calquer proposta que poda enriquecer ó noso alumnado, xa parta do noso departamento ou doutros.	X	X	X
Propor actividades interdisciplinares ao longo do curso.	Dende o departamento proporemos diversas actividades que son óptimas para realizar coa participación de diversos departamentos.	X	X	X

**Observacións:**

Tratarase de planificar as actividades complementarias do departamento antes do inicio do curso, na medida do posible. Non sempre pode ser xa que hai eventos que son ofertados ao longo deste, hai cambios nas programacións das institucións artísticas da comunidade ou non sempre as coñecemos ao inicio do curso académico.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Consulta a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións e propostas de mellora.
Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adáptome.
Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación especialmente os criterios de avaliación.
Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.
Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: non / de xeito individual / en grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / co alumnado.

<b>Metodoloxía empregada</b>
Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: pechados, dirixidos... / abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / facilitan o traballo cooperativo. / impulsan a comunicación: buscar información, interpretala, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
Na metodoloxía que aplico: emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / baséome nas explicacións teóricas e no libro/apuntes.
Como paso as horas lectivas: Intentando conseguir silencio / impartindo teoría e explicacións / respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / observando / corrixindo ao alumnado de xeito individual.
Como paso as horas lectivas: Intentando conseguir silencio / impartindo teoría e explicacións / respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / observando / corrixindo ao alumnado de xeito individual.
Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...
Utilizo diferentes tipos de probas: Exames escritos / Exames orais / Traballo individual / Traballo en equipo.
O alumnado traballa do seguinte xeito: Individualmente / Por parellas / En grupos reducidos / En grupos grandes.
Que teño en conta para medir os resultados?: A nota final / O avance, tendo en conta a situación de partida.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Que fago para coñecer a composición da clase? Pasar unha proba ao comezo do curso escolar / ler os informes anteriores / ver os resultados da avaliación / facilitama o titor/a, o Xefe/a de Estudos, o Orientador/a / facilitanma nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel...)
Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.
A miña programación ten en conta a diversidade.
Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.
Na avaliación teño en conta diferentes competencias.
Dou ao alumnado a explicación que precisa: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual.
Propoño tarefas de diferente nivel en cada unidade e exame.

### **Descrición:**

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirañ para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Desenñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Proponzer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación revisárase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento. Unha vez analizados os resultados do curso pasado debemos revisar os criterios de avaliación para confirmar que se adaptan ás recomendacións pedagóxicas.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas

correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse nestes dous momentos:

1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado; 2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- ruíbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos; - estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

Non debemos esquecer que a nosa programación debe poder ser consultada polo alumnado e, especialmente, os criterios de avaliación deberán estar accesíbeis na aula virtual, no taboleiro da aula, no blog, ou entregados en papel.

## **9. Outros apartados**